

PLENO DO CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA
- INFORME DE ACORDOS ADOPTADOS -

DATA DA SESIÓN	LUGAR DE CELEBRACIÓN	HORA
18/07/2012	Sala de Plenos do Consello Social Centro Universitario de Riazor R/ Almirante Lángara, s/n. A Coruña - España	19:00 h.
MEMBROS ASISTENTES		
<p>PRESIDENTE DO CONSELLO SOCIAL D. Antonio Abril Abadín</p> <p>MEMBROS NATOS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA D. Xose Luis Armesto Barreiro. Reitor D. Carlos Amoedo Souto. Secretario Xeral D. Juan Manuel Díaz Villoslada. Xerente</p> <p>EN REPRESENTACIÓN DE GOBERNO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA D. Ricardo Cao Abad D^a Nuria Veira Sousa D. José M^a Castrillo Neira</p> <p>EN REPRESENTACIÓN DOS INTERESES SOCIAIS DE GALICIA</p> <p>A) DESIGNADOS POLO PARLAMENTO DE GALICIA D. Manuel Caamaño Suárez D. Juan Carlos González Fernández D. Marcelo Castro-Rial Schuler</p> <p>B) DESIGNADOS POLA XUNTA DE GALICIA D. Bruno Díaz Doce D^a. Olga Patiño Doval Delia Vázquez Vázquez Xosé Lois Seixo Fernández</p> <p>C) DESIGNADOS POLOS SINDICATOS D. Xosé Carrillo Souto</p> <p>D) DESIGNADOS POLAS ORGANIZACIÓNS EMPRESARIAIS D. Antonio Couceiro Méndez</p> <p>E) DESIGNADOS POLOS CONCELLOS María Concepción López Fernández</p> <p>SECRETARIO D. Enrique Muñoz Lagarón</p>		

O presente documento foi elaborado só a efectos informativos, en cumprimento do previsto no art. 6.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

ACORDOS ADOPTADOS

- Apróbbase acta correspondente á sesión do 26 de abril de 2012.
- Acórdase, ao abeiro do disposto no art. 4 d) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do Sistema Universitario de Galicia, a contratación dunha auditoría externa para o exame das contas da UDC correspondentes ao exercicio 2011.
- Apróbbase, ao abeiro do disposto no art. 4 o) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do Sistema Universitario de Galicia, a creación da empresa de base tecnolóxica da UDC "Appentra Solutions S.L".
- Apróbanse, ao abeiro do disposto no art. 4 k) da Lei 1/2003 dos Consellos Sociais de Galicia, os seguintes regulamentos:
 - Regulamento para a contratación de traballos científicos, técnicos, artísticos ou docentes da Universidade da Coruña, que substitúe e derroga o regulamento aprobado polo Consello Social da UDC o 8 de novembro de 2005.
 - Regulamento de creación e recoñecemento de empresas da Universidade da Coruña, que substitúe e derroga o regulamento aprobado polo Consello de Goberno do 17 de novembro de 2010.
 - Regulamento de propiedade industrial e intelectual da Universidade da Coruña, que substitúe e derroga o regulamento aprobado pola Xunta de Goberno no día 1 de febreiro de 2000.
- Acórdase emitir informe en materia de prezos públicos dos estudos universitarios oficiais no senso de:
 - Amosar a súa inqueda polo impacto que o incremento dos prezos públicos dos estudos universitarios oficiais podería chegar a ter no contorno social de Galicia, toda vez que no actual contexto de crise económica, o encarecemento das matrículas universitarias podería chegar a dificultar o acceso ao servizo público de ensino superior, particularmente dos colectivos máis desfavorecidos.
 - Valorar positivamente o esforzo realizado pola administración autonómica e as universidades galegas para os efectos de adecuar as medidas adoptadas polo Real Decreto-Lei 14/2012, do 20 de abril de 2012, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo (BOE nº 96, de 21 de abril de 2012) á realidade social e económica de Galicia.
 - Recalcar, ademáis, que no contexto actual, a universalidade, a sostibilidade, e a excelencia do noso servizo público de ensino superior só poden sustentarse a longo prazo nun modelo de financiamento baseado na xusta, suficiente e eficiente asignación do recursos públicos e no fomento da transferencia dos resultados da investigación ao sector productivo.
 - Solicitar á Xunta de Galicia que en anos sucesivos, o Consello Social sexa requirido para a emisión deste informe con mais antelación ao trámite de aprobación da norma respectiva, para os efectos de que este poida ser emitido antes da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

- Acórdase modificar os prezos públicos do Servicio de Apoio á Investigación para o exercicio 2012, ao abeiro do disposto no art. 4 e) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do sistema universitario de Galicia.
- Acórdase aprobar as tarifas do Centro de Linguas para o curso 2012-2013, ao abeiro do disposto no art. 4 e) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do Sistema Universitario de Galicia.
- Acórdase aprobar, ao abeiro do disposto no art. 4 h) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do Sistema Universitario de Galicia, a asignación individual dos complementos autonómicos ao labor docente e investigador ao profesorado da UDC que se relaciona na proposta da ACSUG de 30 de abril de 2012.
- Acórdase aprobar, ao abeiro do disposto no art. 4 h) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do Sistema Universitario de Galicia, a asignación individual dos complementos autonómicos á excelencia curricular docente e investigadora ao profesorado da UDC que se relaciona na proposta da ACSUG de 30 de abril de 2012.
- Acórdase aprobar, tanto nos termos fixados pola normativa de aplicación a tal efecto, como ao abeiro do disposto no art. 4 h) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais dos Sistemas Universitarios de Galicia, a asignación individual do complemento autonómico de recoñecemento polos cargos de xestión ao profesorado da UDC que se relaciona na proposta da ACSUG de 30 de abril de 2012.